

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Corrección de erro Bases convocatoria de profesor/a de percusión

ANUNCIO DE CORRECCIÓN DE ERRO

O 12 de novembro de 2019 publicáronse as Bases de convocatoria de profesor/a de percusión no Conservatorio de Música de Betanzos no Boletín Oficial da Provincia n.º 215.

Nesta convocatoria obsérvase un erro na cláusula segunda, e procédese a rectificación desta, que queda redactada como segue:

“... Segunda. Funcións e condicións laborais. O/a aspirante seleccionado/a será contratado/a mediante contrato de interinidade, na categoría profesional profesor/a, especialidade de percusión, polo tempo que medie ata a cobertura definitiva do posto.

As retribucións brutas en cómputo mensual serán as correspondentes ao establecido no Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Betanzos publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 66, do 6 de abril de 2019. Anexo I. Sistema retributivo. Retribución do persoal remunerado por horas. profesores/as de Conservatorio. A xornada será a tempo parcial de ata 15 horas mensuais como máximo, nun horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo...”

O resto das bases non teñen ningunha modificación.

Concédese un novo prazo de presentación de instancias de dez días hábiles contados a partir do seguinte a publicación do presente anuncio.

Betanzos, 15 de novembro de 2019

A alcaldesa

María Barral Varela

2019/9298